

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP O PIÑEIRIÑO
CURSO: 3º DE PRIMARIA
MATERIA: LENGUA CASTELLANA
DEPARTAMENTO:
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Neste terceiro trimestre, e tendo en conta a situación de confinamento, decidimos de acordo coa lexislación vixente e as instrución dadas dende o Ministerio de Educación, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e Inspección educativa profundar nos coñecementos dados no primeiro e segundo trimestre e deixar os estándares novos previstos na programación do curso para o primeiro trimestre do curso 2020/21.

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos demais.	B1-1.1. Emprega a lingua oral con distintas finalidades (académica, social e lúdica) e como forma de comunicación e expresión persoal (sentimentos, emocións...) en distintos ámbitos.	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa oralmente, con claridade e orde, coñecementos, experiencias e anécdotas, preferencias e opinións, sentimentos e emocións... • Participa en xogos lingüísticos e dramatizacións. 	CL
B1-3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	B1-3.3. Participa activamente na conversación contestando a preguntas e facendo comentarios relacionados co tema de conversación.	<ul style="list-style-type: none"> • Intervén en situacións colectivas de comunicación dando respostas adecuadas e comentando aspectos do tema tratado. 	CL CSC
B1-8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, informativos, instructivos e argumentativos, etc.	B1-8.2. Responde de forma correcta a preguntas concernentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • Responde correctamente a preguntas de comprensión literal sobre textos orais de distintas tipoloxías. • Realiza inferencias e xuízos valorativos sobre diferentes textos orais. 	CL

B1-9. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais e directamente relacionados coas actividades da aula, imitando modelos: narrativos, descritivos, argumentativos, persuasivos.	B1-9.3. Organiza e planifica o discurso adecuándose ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir...) utilizando os recursos lingüísticos pertinentes.	<ul style="list-style-type: none"> • Crea mensaxes adaptadas a diversas situacións de comunicación e con diferente intencionalidade: narrar, describir, informar.. 	CL IE
B1-10. Utilizar de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender.	B1-10.1. Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender escoitando activamente, recollendo datos pertinentes aos obxectivos da comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza preguntas pertinentes para solicitar información e realizar con ela diferentes actividades. • Escoita atentamente textos orais e lembra os datos necesarios para falar sobre eles. 	CL CSC IE

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación axeitadas.	B2-1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación axeitada.	<ul style="list-style-type: none"> • Le textos en voz alta coa velocidade, a pronuncia e a entonación adecuadas. • Realiza as pausas adecuadas aos diferentes signos de puntuación durante a lectura. 	CL
B2-2. Comprender distintos tipos de texto adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	B2-2.1. Entende a mensaxe de maneira global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir da lectura dun texto en voz alta.	<ul style="list-style-type: none"> • Le textos en voz alta, comprende o seu contido e reconece o tema e as ideas principais. 	CL
	B2-2.2. Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende e lembra detalles importantes de diferentes tipos de textos: informativos, descritivos, mensaxes da vida diaria... 	CL

B2-5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	B2-5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza deducións e formula hipóteses coherentes sobre un texto. 	CL
---	---	--	----

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-1. Producir textos con intención comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, cuidando a caligrafía, a orde e a presentación.	B3-1.2. Escribe textos usando o rexistro axeitado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais, cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	<ul style="list-style-type: none"> Escribe textos con claridade e coherencia, aplicando regras gramaticales e ortográficas básicas. 	CL
B3-2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	B3-2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas.	<ul style="list-style-type: none"> Escribe correctamente palabras con m antes de p e de b . 	CL
	B3-2.3. Reproduce textos ditados con corrección.	<ul style="list-style-type: none"> Escribe con corrección ditados que recollen dificultades ortográficas traballadas. 	CL
B3-6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	B3-6.1. Expresa por escrito opinións, reflexións e valoracións.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza a linguaxe escrita para expresar, as súas opinións e xuízos, debidamente xustificadas, sobre diferentes temas e comportamentos. 	CL AA IE

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B4-1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	B4-1.1. Coñece e recoñece todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, etc.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as principais clases de palabras : substantivos comúns e propios. 	CL
	B4-1.3. Diferencia familias de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece as palabras dunha mesma familia e distingue diferentes familias de palabras. 	CL
B4-3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	B4-3.3. Coñece as normas ortográficas e aplícaas nos seus escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Memoriza e aplica as regras sobre o uso da <i>m</i> antes de <i>p</i> e de <i>b</i>. 	CL

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B5-1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozar e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	B5-1.1. Recoñece e valora as características fundamentais dos textos narrativos, poéticos e dramáticos.	<ul style="list-style-type: none"> Le poemas e textos teatrais e recoñece as súas principais características. 	CL
B5-3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral.	B5-3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos dos poemas.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece as palabras que riman nun poema. Identifica os sons que se repiten ao final do verso para crear a rima. 	CL

		<ul style="list-style-type: none"> • Identifica a rima como elemento rítmico dos poemas. 	
B5-4. Producir, a partir de modelos dados, textos en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade.	B5-4.1. Crea textos literarios a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos nas devanditas producións.	<ul style="list-style-type: none"> • Crea breves textos literarios imitando modelos. • Coñece e imita algúns recursos da lingua literaria nas súas producións. 	CL IE CEC
B5-5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.	B5-5.2. Memoriza e reproduce textos orais breves e sinxelos, contos, poemas, cancións, refráns, adiviñas, trabalinguas.	<ul style="list-style-type: none"> • Repite con fluidez textos orais e recita poemas cunha boa entoación. 	CL

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación sistemática do traballo dos alumnos, probas específicas, valoracións por escrito, recompilación de materiais, evidencias de materiais dixitais...
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> • Traballo individual, • Rubricas de avaliación, • Observación da participación en actividades propostas, • Portafolios de evidencias dixitais.
Cualificación final	<p>A cualificación adaptarase ás aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e o grado de cumprimento dos estándares e competencias previstas na programación para este nivel.</p> <p>O 70% da cualificación obterase da valoración dos cadernos de clase, da corrección das tarefas propostas e de probas escritas.</p> <p>O 30% da cualificación obterase da observación da actitude do alumno ante a materia, a participación nas tarefas que se lle propoñan, observación sistemática da súa evolución...</p> <p>A cualificación final ordinaria obterase da media aritmética das cualificacións dos dous primeiros trimestres, da evolución durante este terceiro trimestre e do interese ante o traballo proposto.</p> <p>A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación final do alumnado, co cal poderá aumentar a nota pero nunca baixala.</p>
Proba extraordinaria de setembro	-----
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> • Corrección de traballos escritos ou recollidos mediante evidencias gráficas. • Interese por aprender. • Evolución no proceso de aprendizaxe. • Organización do alumno/a ante unha determinada tarefa.
	Criterios de cualificación: <p>Co alumnado de materia pendente temos que valorar se o feito de pasar de nivel lle pode supoñer un estímulo ao esforzo desenvolvido e só propoñeremos que repita</p>

	curso por causas debidamente xustificadas.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fichas de traballo con tarefas de repaso e afianzar coñecementos. Serán entregadas na aula virtual como tarefa, no correo electrónico ou de xeito presencial de ser posible. • Participación en propostas de traballo de posta en común (taboleiro colaborativo Padlet, evidencias de superar retos que lles formulamos...

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas de traballo con tarefas de repaso e para afianzar coñecementos. Serán entregadas na aula virtual como tarefa, no correo electrónico ou de xeito presencial de ser posible se se reanudasen as clases neste terceiro trimestre nalgún momento. A recomendación de traballo é de unha ficha de matemáticas e de lingua (galega ou castelán) de xeito diario, semanalmente algunha proposta de ciencias da natureza ou ciencias sociais e tamén algunha proposta de plástica (área de artística) • Propostas e retos dixitais con propostas de reforzo e nalgúns casos de ampliación. Os recursos dixitais foron creados na súa maior parte <i>ad hoc</i> para este grupo de alumnos. Semanalmente se lles formula algunha proposta nova e imos alternando as diferentes áreas: matemáticas, lingua galega, lingua castelá, ciencias da natureza, ciencias sociais... Os alumnos farán unha captura de cando superen os retos que lles formulamos mediante unha captura da pantalla final onde se lle dan indicacións da publicación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Contactamos telefonicamente con todas e cada unha das familias para coñecer como estaban vivindo este confinamento e a súa realidade persoal: problemas de conectividade, posibilidades de imprimir os materiais, ritmo de traballo do alumnado...</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado con conectividade: Dispoñemos de varias aulas virtuais onde lles imos facilitando materiais imprimibles de xeito periódico, así como propostas de materiais en formato dixital. Tamén un taboleiro dixital en Padlet onde non teñen que rexistarse e poden subir calquera tipo de evidencia dixital: texto, imaxes, audios, videos ata 10Mb... - Alumnado sen conectividade: Co alumnado que non tiña posibilidade de imprimir (falta de tinta, de papel...) facilitóuselles a posibilidade de que os materiais os imprimise o propio centro e voluntarios do concello llos levasen ao seu domicilio. Tamén se lles dou a facilidade de ofertarlles a cada alumno/a un ultraportátil de Abalar como préstamo mentras dure o confinamento. Todas as familias teñen algún tipo de conectividade aínda que sexa mediante datos do móbil. <p>Dende o punto de vista metodolóxico: nesta situación tan atípica traballamos fundamentalmente o traballo individual e o aprendizaxe mediante retos.</p>
Materiais e recursos	<p>Aula virtual do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/aulavirtual2/course/index.php?categoryid=5 (a aula virtual está en aberto e só hai que loguearse para poder intervir nos foros ou enviar tarefas. En 3º creamos unha aula virtual cada mes, para intentar non liar aos alumnos e familias e darlles todo o máis organizado posible. Aínda que cada aula está dividida por materias, facilitamos un pdf con todos os documentos imprimibles a principio de mes. A maioría das fichas son de elaboración propia. Cando publicamos algún contido novo na aula virtual durante o mes poñemos un gif animado de "NOVO" para indicar que é unha nova proposta.</p> <p>Taboleiro colaborativo Padlet: https://padlet.com/galiza/nacasa (no que o alumnado</p>

	<p>expresa como están vivindo o confinamento, deixa evidencias gráficas de que superaron os retos propostos ou actividades de plástica a modo de portafolios dixital, como celebran as distintas tradicións e conmemoracións nunha nova perspectiva a outros anos, póñense en contacto uns con outros, deixan os seus comentarios, participan as familias...</p> <p>abalarMóbil: Para comunicación coas familias. Todas teñen instalada a aplicación no móbil ou a consultan vía web. Só hai unha familia que non o fai, co cal se lle envía as comunicacións ou os boletíns de notas a un correo electrónico que nos facilitaron.</p> <p>Aplicacións en contorno web creadas ad hoc para o alumnado e creadas coas ferramentas de autor: Exelearning, Edilim, Genially, Brincaletas... entre outras.</p> <p>Acceso aos libros de Santillana en formato dixital (https://www.e-vocacion.es/) que nos facilitaron dende a editorial xa que os libros en formato papel quedaron na súa maior parte na clase. Tanto o profesorado de 3º como o alumnado ten acceso a eles.</p>
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - abalarMóbil (comunicacións coas familias de avisos mediante mensaxería e comunicación de notas trimestrais e finais) - Foros na aula virtual do centro. Cada alumno ten unha clave e un contrasinal que lles facilita a familia por abalarMóbil. - Telefónicamente (contactouse con todas as familias). - Correo corporativo. Dende o primeiro momento a titora e o titor de 3º facilitamos os nosos correos corporativos. A maioría das familias tamén nos facilitaron o seu correo electrónico persoal. - No muro colaborativo Padlet xa sinalado anteriormente. Ademáis de servir de canle de comunicación entre os alumnos, as familias e os docentes serviu para poñer algún aviso puntual.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP O PIÑEIRIÑO
CURSO: 3º DE PRIMARIA
MATERIA: LINGUA GALEGA
DEPARTAMENTO:
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Neste terceiro trimestre, e tendo en conta a situación de confinamento, decidimos de acordo coa lexislación vixente e as instrucións dadas dende o Ministerio de Educación, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e Inspección educativa profundar nos coñecementos dados no primeiro e segundo trimestre e pospoñer os estándares novos previstos na programación do curso para o primeiro trimestre do curso 2020/21.

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.	B1.1-1. Comprende as ideais principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global.	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atentamente instrucións de comportamento no bosque e identifica o propósito comunicativo desas instrucións • Lembra os datos fundamentais dunhas instrucións orais para comparalas cunhas instrucións escritas. 	CL CMCT
B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	<p>B1.2-1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.</p> <p>B1.2-2. Selecciona informacións relevantes de documentos audiovisuais para realizar tarefas importantes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Extrae e retén información importante sobre o tema de que se fala nun diálogo oral. • Busca explicacións razoadas sobre determinadas situacións a partir da análise de imaxes. 	CL
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	<p>B1.3-1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</p> <p>B1.3-3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións), presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe e identifica o contido dos textos propostos captando o significado global do contido. • Emprega a lingua oral para realizar as actividades, para describir as accións e os materiais relacionados coas excursións. 	CL

	responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.	<ul style="list-style-type: none"> • Capta o sentido figurado de determinadas expresións. • Interpreta oralmente mensaxes transmitidas por xestos. 	
B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.	B1.4-1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións sen interromper.	<ul style="list-style-type: none"> • Procura non cortar as intervencións do interlocutor. 	CL IE
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<p>B1.5-1. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p> <p>B1.5-3. Emprega a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Narra experiencias persoais sobre as excursións, expresa opinións sobre o respecto aos demais e reflexiona oralmente sobre a súa propia aprendizaxe. • Participa en dramatizacións. • Fai uso de estratexias persuasivas para convencer os compañeiros para que leven a cabo algunha actividade. 	CL CSC CMCT IE
B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	B1.6-2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega un discurso estruturado na descrición dunha paisaxe para que os compañeiros o recoñezan. • Expresa a súa opinión sobre o traballo en equipo, achegando diferentes argumentos, con respecto polos argumentos dos outros. 	CL IE

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	<p>B2.1-2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).</p> <p>B2.1-3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.</p> <p>B2.1-3. Interpreta personificacións e hipérbolos en textos sinxelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ordena series de imaxes segundo a secuencia de feitos da lectura. • Identifica os personaxes da historia. • Distingue feitos verdadeiros e falsos segundo o contido da lectura sobre situacións que poden resultar esaxeradas. 	<p>CL</p> <p>AA</p> <p>IE</p>
B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.	B2.4- 1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e das ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta as imaxes e xustifica o título do texto. • Deduce expresións a partir do contexto. 	<p>CL</p>
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	<p>B2.6-1. Descodifica sen dificultade as palabras.</p> <p>B2.6-2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza exercicios de prevención de dificultades de lectura. • Le en voz alta un conto poñendo atención ás palabras longas de difícil pronunciación. 	<p>CL</p>

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto	B3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. B3.1.2. Elabora o texto con coherencia xeral e de xeito creativo.	<ul style="list-style-type: none"> Organiza a información sacada dos textos orais e escritos para realizar as súas propias construcións. Emprega a información organizada para memorizar os contidos da unidade. 	CL AA
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	B3.2-1. Elabora en diferentes soportes textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...	<ul style="list-style-type: none"> Escribe textos con intención comunicativa: un texto explicativo sobre unha lectura, formula preguntas para obter información, redacta un correo electrónico, escribe oracións informativas que se poden transmitir mediante xestos 	CL
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	B3.7-1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...	<ul style="list-style-type: none"> Enlaza correctamente as grafías seguindo as normas de corrección gramatical e ortográfica do nivel educativo. Respecta os aspectos formais de presentación do texto. 	CL AA

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	<p>B4.1-1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>B4.1-5. Sinala o xénero e o número de palabras dadas e é quen de cambialo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica palabras segundo o número sílabas que as forman. • Identifica a sílaba tónica. • Recoñece e identifica palabras con acento gráfico e sen el. • Diferencia o significado de palabras con acentuación diferente. 	<p>CL</p> <p>AA</p>
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas	B4.2-2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe correctamente o son K empregando as grafías <i>qu</i> e <i>c</i>. • Completa palabras coas grafías <i>c/qu</i>. 	<p>CL</p>
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	<p>B4.3-2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.</p> <p>B4.3-1. Respecta, de forma xeral, a colocación do pronome átono</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura de oracións interrogativas e exclamativas. • Colocación correcta do pronome átono nas oracións introducidas polas partículas interrogativas e exclamativas. • Planifica correctamente o traballo para levar a cabo a tarefa final: elaboración dun folleto de instrucións. 	<p>CL</p> <p>CD</p> <p>AA</p>
B4.5. Usar o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado.	B4.5-1. Usa o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado.	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve as actividades sobre vocabulario da lectura coa axuda do dicionario ou do contexto. 	<p>CL</p> <p>CD</p> <p>AA</p>

<p>B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.</p>	<p>B4.6-2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas varias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emparella palabras antónimas. • Explica significados de frases feitas. 	<p>CL</p>
<p>B4.8. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que coñece ou está a aprender para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B4.8-1. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender como punto de apoio para a súa aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue situacións de linguaxe verbal e non verbal. • Compara, de forma básica, algunhas semellanzas nas formas de comunicación verbal entre o galego e o castelán. 	<p>CL CSC</p>

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados.	B5.3-1. É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	<ul style="list-style-type: none">• Identifica o texto narrativo e os elementos propios do texto narrativo: personaxes e accións.	CL
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.6-1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	<ul style="list-style-type: none">• Expresa a súa opinión sobre unha lectura e razoa a quen lla recomendaría e por que.	CL CEC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación sistemática do traballo dos alumnos, probas específicas, valoracións por escrito, recompilación de materiais, evidencias de materiais dixitais...
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> • Traballo individual, • Rubricas de avaliación, • Observación da participación en actividades propostas, • Portafolios de evidencias dixitais.
Cualificación final	<p>A cualificación adaptarase ás aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e o grado de cumprimento dos estándares e competencias previstas na programación para este nivel.</p> <p>O 70% da cualificación obterase da valoración dos cadernos de clase, da corrección das tarefas propostas e de probas escritas.</p> <p>O 30% da cualificación obterase da observación da actitude do alumno ante a materia, a participación nas tarefas que se lle propoñan, observación sistemática da súa evolución...</p> <p>A cualificación final ordinaria obterase da media aritmética das cualificacións dos dous primeiros trimestres, da evolución durante este terceiro trimestre e do interese ante o traballo proposto.</p> <p>A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación final do alumnado, co cal poderá aumentar a nota pero nunca baixala.</p>
Proba extraordinaria de setembro	-----
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> • Corrección de traballos escritos ou recollidos mediante evidencias gráficas. • Interese por aprender. • Evolución no proceso de aprendizaxe. • Organización do alumno/a ante unha determinada tarefa.
	Criterios de cualificación: <p>Co alumnado de materia pendente temos que valorar se o feito de pasar de nivel lle pode supoñer un estímulo ao esforzo desenvolvido e só propoñeremos que repita</p>

	curso por causas debidamente xustificadas.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fichas de traballo con tarefas de repaso e afianzar coñecementos. Serán entregadas na aula virtual como tarefa, no correo electrónico ou de xeito presencial de ser posible. • Participación en propostas de traballo de posta en común (taboleiro colaborativo Padlet, evidencias de superar retos que lles formulamos...

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de traballo con tarefas de repaso e para afianzar coñecementos. Serán entregadas na aula virtual como tarefa, no correo electrónico ou de xeito presencial de ser posible se se reanudasen as clases neste terceiro trimestre nalgún momento. A recomendación de traballo é de unha ficha de matemáticas e de lingua (galega ou castelán) de xeito diario, semanalmente algunha proposta de ciencias da natureza ou ciencias sociais e tamén algunha proposta de plástica (área de artística) Propostas e retos dixitais con propostas de reforzo e nalgúns casos de ampliación. Os recursos dixitais foron creados na súa maior parte <i>ad hoc</i> para este grupo de alumnos. Semanalmente se lles formula algunha proposta nova e imos alternando as diferentes áreas: matemáticas, lingua galega, lingua castelá, ciencias da natureza, ciencias sociais... Os alumnos farán unha captura de cando superen os retos que lles formulamos mediante unha captura da pantalla final onde se lle dan indicacións da publicación.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Contactamos telefonicamente con todas e cada unha das familias para coñecer como estaban vivindo este confinamento e a súa realidade persoal: problemas de conectividade, posibilidades de imprimir os materiais, ritmo de traballo do alumnado...</p> <ul style="list-style-type: none"> Alumnado con conectividade: Dispoñemos de varias aulas virtuais onde lles imos facilitando materiais imprimibles de xeito periódico, así como propostas de materiais en formato dixital. Tamén un taboleiro dixital en Padlet onde non teñen que rexistarse e poden subir calquera tipo de evidencia dixital: texto, imaxes, audios, videos ata 10Mb... Alumnado sen conectividade: Co alumnado que non tiña posibilidade de imprimir (falta de tinta, de papel...) facilitóuselles a posibilidade de que os materiais os imprimise o propio centro e voluntarios do concello llos levasen ao seu domicilio. Tamén se lles dou a facilidade de ofertarlles a cada alumno/a un ultraportátil de Abalar como préstamo mentras dure o confinamento. Todas as familias teñen algún tipo de conectividade aínda que sexa mediante datos do móbil. <p>Dende o punto de vista metodolóxico: nesta situación tan atípica traballamos fundamentalmente o traballo individual e o aprendizaxe mediante retos.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Aula virtual do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/aulavirtual2/course/index.php?categoryid=5 (a aula virtual está en aberto e só hai que loguearse para poder intervir nos foros ou enviar tarefas. En 3º creamos unha aula virtual cada mes, para intentar non liar aos alumnos e familias e darlles todo o máis organizado posible. Aínda que cada aula está dividida por materias, facilitamos un pdf con todos os documentos imprimibles a principio de mes. A maioría das fichas son de elaboración propia. Cando publicamos algún contido novo na aula virtual durante o mes poñemos un gif animado de "NOVO" para indicar que é unha nova proposta.</p> <p>Taboleiro colaborativo Padlet: https://padlet.com/galiza/nacasa (no que o alumnado</p>

	<p>expresa como están vivindo o confinamento, deixa evidencias gráficas de que superaron os retos propostos ou actividades de plástica a modo de portafolios dixital, como celebran as distintas tradicións e conmemoracións nunha nova perspectiva a outros anos, póñense en contacto uns con outros, deixan os seus comentarios, participan as familias...</p> <p>abalarMóbil: Para comunicación coas familias. Todas teñen instalada a aplicación no móbil ou a consultan vía web. Só hai unha familia que non o fai, co cal se lle envía as comunicacións ou os boletíns de notas a un correo electrónico que nos facilitaron.</p> <p>Aplicacións en contorno web creadas ad hoc para o alumnado e creadas coas ferramentas de autor: Exelearning, Edilim, Genially, Brincaletas... entre outras.</p> <p>Acceso aos libros de Santillana en formato dixital (https://www.e-vocacion.es/) que nos facilitaron dende a editorial xa que os libros en formato papel quedaron na súa maior parte na clase. Tanto o profesorado de 3º como o alumnado ten acceso a eles.</p>
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - abalarMóbil (comunicacións coas familias de avisos mediante mensaxería e comunicación de notas trimestrais e finais) - Foros na aula virtual do centro. Cada alumno ten unha clave e un contrasinal que lles facilita a familia por abalarMóbil. - Telefónicamente (contactouse con todas as familias). - Correo corporativo. Dende o primeiro momento a titora e o titor de 3º facilitamos os nosos correos corporativos. A maioría das familias tamén nos facilitaron o seu correo electrónico persoal. - No muro colaborativo Padlet xa sinalado anteriormente. Ademais de servir de canle de comunicación entre os alumnos, as familias e os docentes serviu para poñer algún aviso puntual.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP O PIÑEIRIÑO
CURSO: 3º DE PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO:
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Neste terceiro trimestre, e tendo en conta a situación de confinamento, decidimos de acordo coa lexislación vixente e as instrución dadas dende o Ministerio de Educación, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e Inspección educativa profundar nos coñecementos dados no primeiro e segundo trimestre e deixar os estándares novos previstos na programación do curso para o primeiro trimestre do curso 2020/21.

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	B1-1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos de la realidade.	<ul style="list-style-type: none"> Explica de forma razoada as operacións que realiza para resolver un problema e relaciónaas coa súa solución. 	CL CMCT
B1-2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	B1-2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).	<ul style="list-style-type: none"> Extrae os datos dun problema á vista da súa resolución. 	CL CMCT
	B1-2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> Completa as fases dun proceso de razoamento para resolver problemas relacionados con situacións cotiás, utilizando estratexias que permiten simplificalos. 	CMCT AA IE
	B1-2.5. Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas nos que os datos forman parte de facturas, folletos publicitarios, táboas 	CMCT

B1-3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	B1-3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais..	<ul style="list-style-type: none"> Reflexiona sobre regularidades matemáticas que lle facilitan a resolución de problemas, mostra interese por aplicar as #dicir regularidades e comproba a eficacia das mesmas. 	CMCT
